

# Concello de Mondariz

Expediente núm.: 217/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

Data de iniciación: 06/03/2019

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

- Mediante Resolución de Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra de 20 de outubro de 2017 (RE nº 3647 de 31/10/18) acordouse a concesión dunha subvención ó Concello de Mondariz por importe de 45.000,00 € para execución de actuación do parque forestal de Vieiro da Franqueira ó abeiro das bases reguladoras das subvencións a concellos destinadas á mellora dos montes mediante Creación de parques forestais (LIÑA 2), publicadas no BOPO nº 66 de 04/04/17.
- En data 6 de xullo de 2017 foi asinado polo Presidente da Comunidade de Montes veciñais en man común de Mouriscados compromiso de aportar a parte de financiamento non subvencionable do investimento previsto. Aportación efectiva que tivo lugar o 24 de xaneiro de 2019, según consta no programa de contabilidade municipal, por importe de 11.250,00 €.
- En data 26 de febreiro de 2019 foi asinada polo Presidente da Comunidade de Montes veciñais en man común de Mouriscados e o Alcalde de Mondariz addenda ó protocolo de colaboración asinado entre o Concello de Mondariz e a CMVMC de Mouriscados para a creación do parque forestal o 7 de xullo de 2017.
- Decreto de Alcaldía de 14 de marzo de 2019 polo que se aproba o proxecto técnico denominado "Parque forestal no Monte de Vieiro da Franqueira".

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

| Creacion de parque forestal no Monte de Vieiro da Franqueira |   |                                      |                             |
|--|---|--------------------------------------|-----------------------------|
| Procedemento:<br>aberto                                      | Tramitacion: urgente  | Tipo de contrato: obras              |                             |
| Clasificación CPV:<br>77200000-2                             | Acepta renovación: Non  | Revisión de prezos /<br>fórmula: Non | Acepta<br>variantes:<br>Non |
| Orzamento base<br>de licitación:<br>46.487,60 €              | Impostos: 9.762,40 €  | Total: 56.250,00 €                   |                             |
| Valor estimado do<br>contrato:<br>46.487,60 euros            |   |                                      |                             |
| prazo execución:   | Ó estar a contratación financiada con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra e ter que estar EXECUTADA a inversión, según as bases da súa convocatoria, <b>antes do 30/6/2019, o adxudicatario deberá comprometerse a ter rematada a obra antes de esa data (prazo máximo de execución).</b> |                                      |                             |
| Garantía<br>provisional: Non                                 | Garantía definitiva: 5%   | Garantía complementaria: Non         |                             |

Visto o informe asinado polo técnico redactor do proxecto acerca da conveniencia de non



# Concello de Mondariz

---

división en lotes do obxecto do contrato asinado o 7 de marzo de 2019.

Visto informe de Intervención asinado o 14 de marzo respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 14 de marzo de 2019.

Tendo en conta os prazos para executar o investimento e xustificar as subvencións concedidas establecidos polas bases reguladoras das mesmas e atendendo ó prazo de execución previsto no proxecto técnico aprobado por Decreto de Alcaldía de 14 de marzo de 2019 e de acordo co artigo 119 da LCSP resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interés público.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Declarar a urxencia da presente contratación motivada polas razóns de interés público derivadas dos prazos establecidos polas bases reguladoras das subvencións que financian este investimento e que esixen acelerar a súa adxudicación e Iniciar o expediente para a contratación da obra **Creacion de parque forestal no Monte de Vieiro da Franqueira** mediante procedemento aberto e tramitación urxente.

**SEGUNDO.** Aprobar a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 8 de xaneiro de 2019 e proceder á súa publicación no perfil do contratante en aplicación do artigo 63.3 da Ley 9/2017 e xustificar a necesidade que se pretende satisfacer coa celebración do contrato: *“Contribuír á biodiversidade ecolóxica, mellorar as condicións deste espazo natural tanto nas calidades ambientais de auga, solos ou aire, e obter un presente e futuro sustentable economicamente para os veciños da parroquia grazas á afluencia de visitantes. Así mesmo, dinamizar a actividade turística do territorio mediante unha oferta de ocio respectuosa co medio e vinculada á conservación do patrimonio natural e cultural. Contribuirase así á fixación da poboación a través da mellora do benestar social e medioambiental dos seushabitantes.”*, quedando acreditado que a contratación proxectada mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

**TERCEIRO.** Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares servindo como prego de prescricións técnicas o proxecto aprobado por Decreto de Alcaldía de 14 de marzo de 2019, xunto cos anexos ó mesmo, que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.** Que, pola Intervención municipal, fágase a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**QUINTO.** De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

**SEXTO.** Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

(documento asinado electrónicamente)

